

Adxudicación de destinos provisionais. O caos

O 28 de xuño a Consellaría publica unha orde de adxudicación de destinos provisionais para o curso 06-07. Esta novidade, que xurdía coa intención de facilitar e axilizar o proceso tanto para persoas funcionarias coma para interinas e substitutas e que afectaba a máis de 4000 docentes, converteuse nun cúmulo de despropósitos.

A complexa redacción da orde tivemos que sumarlle as contraditorias informacións que se facilitaban tanto desde a Consellaría coma desde as Delegacións, así como a imposibilidade de entregar a petición escrita e os poucos días para facelo, o que supuxo a saturación da aplicación informática. Ante a angustia e a desinformación que xerou no profesorado obrigado a facer a petición, o STEG organizou reunións informativas en todas as súas sedes, e puxo todos os seus recursos materiais e persoais para axudar aos afectados (consultas telefónicas, consultas na web, ordenadores e sedes ...).

Pero non acabaron aí as sorpresas xa que algúns docentes tiveron que interromper as súas vacacións ao encontrarse coa 1ª resolución, na que mestres con dez anos de servizo quedaban sen praza e outros con dous meses traballados tiñan praza todo o ano. Así que moitos tiveron que volver de alí onde se atoparen para formalizar a súa queixa na Consellaría. Unha representante do STEG presentouse na Subdirección Xeral ao día seguinte á adxudicación e reuniuse co Subdirector Xeral de Educación, quen lle explicou que o erro da Consellaría estivo en varios puntos: que ao xestionar as peticións entenderon EP como especialidade de 1ª fase (cando non o dicía así a convocatoria), e o por outra banda, o profesorado interino e substituto tiña, segundo a convocatoria, que facer a petición atendendo a 1ª e 2ª fase cando neste grupo non existen fases polo que o erro, neste caso, xa viña da redacción da convocatoria. **En resumo: a consellaría erra no inicio do proceso ao redactar unha orde que nin eles entenden, e despois fai unha adxudicación contraria á propia orde.**

Recoñecidos os problemas, a solución que se propuxo foi abrir un novo prazo no que se poderían modificar as peticións, xa que as presentadas estaban feitas en base a informacións erróneas. Isto dou lugar a unha nova adxudicación o día 4 de setembro coa conseguinte inxerencia e incertidume que



provocou no profesorado.

Poidemos comprobar que o desastre de adxudicación non mellorou co tempo, xa que temos o exemplo de secundaria, onde este mesmo curso a día 20 de setembro aínda non saíu a adxudicación de todas as especialidades co que o curso iniciárase sen o profesorado necesario: ¿onde está a calidade de educación?. Por non falar do profesorado que fixo a toma de posesión o día 14 facéndosele asinar contrato con data de 20, pero ese xa é outro tema...

Se fixésemos un símil e imaxinásemos que as notas do alumnado galego tivesen erros que levasen a aprobar aos suspensos e a suspender aos aprobados, sería seguro o inicio, por parte da Administración

galega, dun macroproceso de expedientes disciplinarios. Pensamos que xerar a ilusión do traballo nun gran número de persoas necesitadas del, e ao mesmo tempo, provocar a ansiedade da perda do posto de traballo a compañeiras con moitos anos de servizos prestados ao ensino galego debe ter, como mínima consecuencia, a **DEPURACIÓN DE RESPONSABILIDADES POLÍTICAS DOS CULPÁBEIS DUN ERRO TAN GRAVE**. A tal efecto, o STEG presentou unha carta, o día 21 de setembro, dirixida á Conselleira de Educación para que asuma a súa responsabilidade e actúe en consecuencia.

Estatuto docente

O MEC quere impoñer un estatuto do profesorado inquietante, regresivo e xerarquizador.

Preténdese aplicar ao profesorado un sistema xerarquizador formado por oito graos.

Introdúcese un novo concepto de avaliación voluntaria.

As direccións dos centros e a inspección educativa pasarán a ser determinantes na avaliación do profesorado.

A obtención de destino definitivo nun posto de traballo non suporá ningunha garantía de estabilidade.

etc, etc, etc

Borrador de RD polo que se establece o complemento de especial dedicación ao centro

O MEC quere publicar un decreto que contempla un novo complemento retributivo para o profesorado que "incentive a maior dedicación horaria ao centro e a súa implicación en tarefas adicionais vinculadas á práctica docente".

Con este complemento, mellorará a calidade do ensino? ou máis ben será un foco de conflictividade entre o profesorado?

Oposicións de ensino: o desastre anual

Borrador de RD de acceso

O borrador de RD de acceso e a transitoria son un novo engano ao profesorado interino e substituto

O Real Decreto non se diferencia en nada substancial do Real Decreto 334/04, actualmente vixente. Na Transitoria, que é unha versión desmellorada das Transitorias LOXSE, a fase de oposición é eliminatória polo que pode deixar a boa parte do colectivo na rúa. Dado que a solución non satisface, dende o STEG e a Confederación de STES-i presentamos ante o MEC unha proposta de acceso transitorio alternativa.

Estatuto docente

O STEG rexeita un estatuto que empeore as condicións sociolaborais do profesorado.

Na Mesa Sectorial de Educación celebrada o 30 de maio, o Subsecretario do MEC suscita unha falsa negociación do Estatuto Básico do Profesorado: **pretendía que antes do 15 de xuño a representación do profesorado aprobase un Estatuto que vai cambiar por completo a normativa que regula as condicións de traballo e as retribucións do profesorado** dos centros públicos de educación básica e secundaria.

O Ministerio de Educación, que non cumpriu o seu compromiso de entregar o texto articulado do proxecto de Estatuto o pasado mes de marzo, pretendía pechar a negociación sen dar tempo a que o conxunto do profesorado coñecese a proposta do MEC e poidese valorala, dar a súa opinión e realizar propostas alternativas a través dos seus sindicatos. O proxecto, segundo afirma o MEC, é froito das negociacións coas organizacións asinantes do acordo (vergoñento) de 20 de outubro -CCOO, CSI-CSIF, FETE-UGT e ANPE.

O STEG, a través da Confederación de STES-intersindical da que forma parte, **rexeditou na Mesa Sectorial clara e rotundamente o procedemento proposto polo Subsecretario, esixindo tempo para a negociación, tempo para que o profesorado coñeza e opine sobre esta proposta**. Suscitamos a necesidade de que o proxecto de Estatuto se traballe nunha Mesa Técnica antes da súa valoración na Mesa Sectorial e que a negociación se prolongue e chegue aos primeiros meses do próximo curso 2006-2007, pois os cambios que suscita o MEC son demasiado importantes como para que o goberno pretenda impoñelos nunha falsa negociación, impropia do talante do que fai gala o goberno.

Esta presión do STEG e da Confederación propiciou que as demais organizacións sindicais considerasen necesario un aprazamento para poder facer un estudo en profundidade tal e como demandaba o STEG. Só así poderá ser coñecido polo conxunto do profesorado, que poderá opinar finalmente sobre un Estatuto que afectará ás condicións das traballadoras e traballadores do ensino galego.

Entre os aspectos que no STEG consideramos máis prexudiciais para o profesorado queremos destacar os que seguen:

- É inquietante e xerarquizador ao supor a creación dunha mal chamada carreira profesional do profesorado que se vincula a criterios arbitrarios, non obxectivos, e dependerán dos superiores xerárquicos correspondentes. O MEC pretende que o principio de arbitrariedade presida a nova forma de promoción do profesorado, poñendo ao conxunto do profesorado baixo sospeita de non traballar ou de realizar mal o seu traballo. **Preténdese aplicar ao profesorado un sistema xerarquizador formado por oito graos, con consecuencias retributivas e para os concursos de traslados, que dependerán en boa medida de criterios subxectivos**, sen ter en conta que a educación é e debe ser un traballo en equipo; é inquietante e regresivo que se trate de fomentar a competitividade entre o profesorado.
- É inquietante e regresivo o **concepto de avaliación voluntaria** que quere impoñer o MEC. Unha gran parte dos cambios que introduce este Estatuto baséanse neste tipo de avaliación, **o profesorado que queira someterse á mesma, e a supere, verá recoñecidos unha serie de méritos con repercusión na promoción interna, o concurso de traslados e as retribucións.**
- É regresivo o papel que se pretende asignar **ás direccións dos centros e a inspección educativa, que pasarán a ser determinantes na avaliación do profesorado, polo que o risco de submisión e servilismo son evidentes.** ¿Quen se atreverá a cuestionar a persoas que logo han de avaliarte? ¿Cantas evitarán actitudes críticas, pola mesma razón?

- É regresivo que non se asegure a mobilidade do profesorado vía concurso anual de traslados. É inquietante que se pretenda deixar en mans da Administración a redistribución e recolocación de efectivos ao subordinalos ás necesidades da mesma: é dicir, que **a obtención de destino definitivo nun posto de traballo non supón ningunha garantía de estabilidade senón que se faculta á administración educativa para trasladar con carácter forzoso ao profesorado.** É regresivo que desapareza o concepto de persoal orgánico dos centros.
- É regresivo que se **pretendan fixar as retribucións complementarias desde o goberno central**, cando a xestión do profesorado corresponde ás comunidades autónomas, o que supuxo levar a negociación das retribucións a cada Consellería de Educación; negociación que se demostrou efectivo, pois este tipo de retribucións aumentaron coa negociación descentralizada. Agora queren acabar con esta posibilidade de avance invadindo competencias das comunidades autónomas.

- É inquietante e regresivo que se **pretenda limitar a liberdade de cátedra do profesorado** co proxecto educativo dos centros.

- É regresivo que o proxecto **non recolla dereitos do profesorado que xa teñen nalgunhas comunidades**, como a inexistencia dos chamados sexenios e o cobro do total dos mesmos desde o inicio da vida profesional, a posibilidade do chamado "ano sabático" ou o pago da antigüidade ao profesorado interino.

- O proxecto de Estatuto non avanza na asignación do grao equivalente a Licenciatura para os estudos de Maxisterio, polo que **non o asigna dentro do Grupo A ao corpo de mestres**, incumprindo unha promesa electoral do PSOE.


- Por outra banda, **contén elementos que van claramente contra a creación de emprego**, como o mantemento da posibilidade de xubilación aos 70 anos; tampouco se contempla a prórroga da xubilación voluntaria con carácter indefinido para o profesorado que teña 60 anos ou 30 de servizos nin a redución para maiores de 55 anos (quen queira esa redución verá diminuído proporcionalmente o seu soldo).

- **O tratamento que se dá ao profesorado interino é regresivo especialmente se o comparamos con algúns aspectos alcanzados en Comunidades Autónomas.** O sistema de acceso previsto continuará deixando na precariedade ou no paro a miles de docentes que desempeñaron o seu traballo para a administración.

- É inquietante que **a saúde laboral do profesorado pareza importar pouco ao MEC**, dado que neste apartado non se reflicte nada sobre as enfermidades profesionais do profesorado e a necesidade de recoñecelas e catalogalas.

Para o STEG é, en definitiva, un mal proxecto de Estatuto que non recolle reivindicacións históricas do profesorado e non ten en conta a realidade do noso país querendo impoñer un modelo uniformador e centralista.

Desde o STEG levaremos esta información aos docentes para que poidan informarse e formarse unha opinión sobre o mesmo e esixiremos ao MEC que se respecten os dereitos adquiridos de quen desempeñan en condicións cada vez máis difíciles a tarefa de ensinar. Ademais esixiremos do Goberno Galego unha clara implicación neste proxecto que afecta a máis de 30000 traballadoras e traballadores galegos.



Preténdese aplicar ao profesorado un sistema xerarquizador formado por oito graos

Da avaliación voluntaria dependen os méritos a promoción e as retribucións

As direccións dos centros e a inspección educativa pasarán a ser determinantes na avaliación do profesorado

A obtención de destino definitivo nun posto de traballo non suporá ningunha garantía de estabilidade

Pretenden fixar as retribucións complementarias desde o goberno central

Non se recollen dereitos do profesorado xa acadados en moitas CCAA

O corpo de mestres non fica asignado dentro do Grupo A

Non se recolle ningún avance en canto a xubilación do profesorado

Borrador de RD polo que se establece o complemento de especial dedicación ao centro

O MEC quiere publicar un decreto que contempla un novo complemento retributivo para o profesorado que "incentive a maior dedicación horaria ao centro e a súa implicación en tarefas adicionais vinculadas á práctica docente"; o que nos leva a cualificalo de "estraño complemento de produtividade".

O MEC, en desenvolvemento dun punto do acordo que firmou con algúns sindicatos o pasado 20 de outubro, recollido despois no artigo 105.2 b. da LOE, **pretende implantar un complemento de produtividade no ensino**, complemento que se cobraría durante un curso escolar e que debe solicitar cada profesor ou profesora persoalmente ao inicio de cada curso; e aquí xorden os primeiros interrogantes: **quen o concede?, con base a que criterios?, ante quen se pode reclamar a súa denegación?, cantas horas máis de dedicación ao centro son necesarias para o cobrar?**


O complemento que o MEC quiere implantar e a forma de o conceder non están en absoluto explícitos no proxecto de decreto que entregaron en metade das vacacións. Non está nada claro quen pagará este posíbel complemento: **o MEC non previu unha partida orzamentaria para o mesmo e parece que pretende que o pague a Consellería de Educación cos seus propios fondos**. Se é un complemento novo de ámbito estatal, o MEC debería transferir á Consellería de Educación a cantidade correspondente para que se poida pagar a todo o cadro do noso País, pois é un complemento que se inventou o MEC e que, polo tanto, debe financiar.

Tampouco está claro o que é máis importante, se é posíbel que o cobre todo o conxunto do profesorado galego ou haberá un tope máximo de profesores e profesoras que poidan cobralo; **entendemos que do proxecto de decreto se extrae que só o cobrará quen vexa a súa solicitude aceptada, e se saberá a finais de xaneiro de cada curso, cando as teóricas actividades leven xa case medio curso realizándose**. Parece que pretenden dividir aínda máis ao profesorado.

Para o STEG a proposta de implantación deste

AGUDEZA VISUAL

DESCUBRIR. ANTES DO REMATE DO CURSO. CAL DESTAS MESTRAS COBRA O COMPLEMENTO DE ESPECIAL DEDICACIÓN AO CENTRO



complemento é un intento máis de introducir no ensino os modos de xestión das empresas privadas, **sen ter en conta que o ensino é un traballo en equipo no que, para que teña éxito, cada persoa cumpre un cometido, debendo existir entre o profesorado as menores diferenzas retributivas posíbeis**.

A introdución deste complemento trata, polo contrario, de dividir un pouco máis ao profesorado, gratificando economicamente tarefas distintas do traballo diario co alumnado, o que supón infravalorar a tarefa do profesorado.

Desde o STEG ante esta proposta do MEC e dalgúns sindicatos e a teor do aumento das dificultades que día a día entraña a tarefa de ensinar e como medida de recoñecemento ao Profesorado diante da nova reforma educativa, **propomos ao MEC e ao resto de sindicatos que en lugar deste complemento discriminador se aumente en 250 euros mensuais o Complemento Específico Xeral (que é igual en todo o Estado) de todo o Profesorado no período de implantación da LOE**, comezando este ano co pagamento dos 60 euros desde o momento da publicación da LOE no Boletín Oficial. Esta sería, de se aprobar, unha forma efectiva de recoñecemento á tarefa docente e de apoio ao conxunto do profesorado.

Aposta da consellería polo galego: covarde e miserenta

Decepcionante, miserento, covarde,... e un sinfín de adxectivos aínda máis duros merece a Circular da Consellería que pretende, din, impulsar o uso do galego. A circular leva como título "*Convocatoria de accións para a potenciación do ensino en lingua galega na educación infantil (3-6 anos) da D.X. de Ordenación e Innovación Educativa e da S.X. de Política Lingüística*" e remítina o 26 de maio aos centros. Na mesma inclúense os requisitos de "contar co compromiso do profesorado implicado no proxecto; a autorización dos pais, nais ou titores do alumnado implicado; o acordo do Claustro e a aprobación do Consello Escolar; e contar con alumnado suficiente para a composición dun grupo, sen que supoña ningún incremento no número de unidades".

Nos últimos tempos atopámonos con políticos que abusan do galego ao instrumentalizalo como unha mera estratexia electoral e danse a volta e falan en español. Nesta galería de despropósitos leva a palma a aplicación da consabida Lei de N.L., lei consensuada por todos os grupos políticos, mais que ninguén reparou no seu reiterado incumprimento. Proba disto é a baixa de falantes de galego entre a xente nova deste país. O STEG agardaba do novo goberno unha aposta decidida e firme que situase á nosa lingua no lugar que se merece e sorpréndenos cunha Circular tan cativa que non afectará nin ao 2% do alumnado galego.

Para poder ofrecer a dobre vía, é preciso tal cantidade de papelexo administrativo que mesmo semella un atranco. Estas trabas administrativas constátanse coa evidencia de que algúns centros non poderán impartir as aulas en galego a pesar de que 15 familias tiñan ese interese. Vai ser esta a aposta da Consellería pola lingua?. E no rural? Tampouco a Administración vela polo cumprimento da lei que obriga ao ensino na lingua materna maioritaria do alumnado. Cando se cumprirá a obriga de impartir como mínimo un 50% do tempo en galego en Primaria? Desde o STEG denunciamos esta situación que ten como causa a desidia e falta de interese da anterior administración. Seguirá este goberno o mesmo camiño? As boas palabras da Conselleira afirmando "continuar e expandir" o ensino en galego de novo nos parecen máis fume para consumo dos medios de comunicación.

ESIXIMOS a extensión da posibilidade de aulas en galego para todo o País e a desaparición das trabas administrativas que dificultan en vez de facilitar. Demandamos, como auténtica forma de potenciación da lingua, que con 5 alumnas/os xa se poida formar un novo grupo sen necesidade de que exista dobre liña no centro. Isto si que sería unha medida saudábel para a lingua e non mera palabraria electoralista. Parafraseando ao noso escritor demandamos milleiros de aulas máis para a nosa lingua.

Oposicións de ensino: o desastre anual

Remata o mes de xullo coa avalancha de queixas dos opositores e opositoras, como todos os anos; non hai resposta a ningunha das súas reclamacións, como todos os anos; os membros dos tribunais din que recibiron ordes dos presidentes, como todos os anos, os presidentes que recibiron ordes da Consellería, como todos os anos.

Como todos os anos, centos de persoas ven esfacharse o seu esforzo e as súas ilusións contra un sistema de selección de persoal supostamente obxectivo e que respecta os principios de igualdade, mérito e capacidade das persoas aspirantes. Pero a realidade é que non é ningunha destas cousas e sobre todo grazas a que os tribunais (xa sexa por vontade propia ou propulsados por unha forza descoñecida) seguen empeñados en elixir ás persoas que deben obter unha praza de funcionaria de carreira, cando o seu único - e non pouco importante- cometido é o de valorar os coñecementos das persoas aspirantes na fase de oposición. Conste que coidamos fundamental o labor dos vogais e recoñecemos o seu traballo como o único xeito de facermos estes procesos o máis democráticos e xustos posibles. O que pretendemos dicir é que os tribunais non teñen que suspender a máis do 90% na primeira proba para axustar as prazas na segunda proba. Suspender aprobados ao principio para ter que aprobar suspensos, nalgúns casos. Como todos os anos.

Esta historia repetida xa nos tiña insensibilizados e debeu de ser por isto, para avivar as nosas conciencias, que nesta última convocatoria a Consellería introduciu dúas novidades que viñeron a acrecentar as dimensións do desastre. Podemos concederlles o beneficio da dúbida de que o fixeron precisamente para evitar isto que agora denunciemos, se así foi, pecaron de inxenuidade e non mediron o alcance que o poder da inercia de anos e anos falseando o chamado concurso-oposición pode ter.

A primeira delas foi non repartir as prazas entre os tribunais en función dos presentados ao primeiro exame, senón ter unha comisión única para toda Galicia á que chegarían as notas de todos os tribunais. Mirado por profanos pode que pareza que así se evita o cálculo de aprobados por praza en cada tribunal, nada máis lonxe da realidade, esa comisión única impediu xa de por si que ningún tribunal aprobase na fase de oposición a máis opositores que prazas: a comisión de presidentes repartiu salomonicamente as prazas, en caso contrario corriase o risco de que un tribunal xeneroso coas súas notas as levase todas. Exemplo de resolución cooperativa dun conflito. Pode que non tivesen moita intención de facer outra cousa, pero efectivamente non lles deixaban moitas opcións.

A segunda xa só serviu para rematar o desaguisado e foi a idea de ter que sacar as notas diariamente, algo que podía parecer positivo para evitar componendas de última hora pero que xunto coa medida anterior resultou nefasta. Xa non había só que poñerse de acordo nas prazas que cada tribunal tiña, senón tamén en cantos había que aprobar cada xornada, independentemente de que !cousas do destino! os mellores exames fosen todos o mesmo día.

Ante todo este cúmulo de despropósitos desde o STEG esiximos da Consellería que de cara a próximas convocatorias garanta que as presidentas e presidentes elixidos por ela cumpran escrupulosamente a convocatoria, lembrándolles que se trata dun concurso-oposición onde o que teñen que facer é simplemente cualificar unhas probas esquecéndose da parte de concurso que se debe resolver noutra instancia. E aínda que poida parecer contradictorio, dado o arraigado da cultura do tribunal omnipotente, repartir as prazas previamente entre os tribunais, para que non acabe sendo peor o remedio que a enfermidade.

O borrador de RD de acceso e a transitoria son un novo engano ao profesorado interino e substituto

O borrador de RD de Acceso e a Transitoria que se recolle no seu título VI, non solucionan o problema ao colectivo, polo que debemos consideralo como un novo engano, esta vez co visto bo dos sindicatos que asinaron o Acordo do 30 de outubro. Sindicatos que por conseguir favores da administración, son capaces de vender ás traballadoras e traballadores. E o que é máis grave, ao colectivo que traballa en situación máis precaria.

No STEG-Inforna de outubro de 2005, o STEG xa adiantaba a chegada deste documento que algúns sindicatos cualificaban como a solución para o colectivo. O tempo, lamentablemente, danos unha vez máis a razón, e coa lectura do mesmo, veremos que o RD nos se diferencia en nada substancial do RD 334/04, actualmente vixente. E a Transitoria e unha versión desmellorada das transitorias LOXSE, que nesta ocasión opta polo concurso-oposición como sistema de acceso. Desmellorada, porque nesta transitoria a fase de oposición é eliminatoria e si as transitorias LOXSE, solucionaban o problema de maneira

conxuntural, que tampouco era a o desexable, nesta ocasión non sucede o mesmo. Polo tanto, pode ser a propia Transitoria a que poida deixar a boa parte do colectivo fóra.

Teríamos outra solución, en todo caso conxuntural, que sería que a transitoria camiñara parella dun acordo de estabilidade que non deixara na rúa á parte do colectivo que non conseguira superar o proceso. E que debido á súa experiencia, serían a mellor opción para seguir facéndose cargo das interinidades e das substitucións. Pero como sabemos, no noso territorio tampouco a Consellaría de Educación e boa parte dos sindicatos están dispostos a dar solución a este problema.

Por outra banda, **queremos deixar ben claro que ao STEG, tamén nos serviría unha transitoria, nos termos que expoñemos máis abaixo, agora ben sempre e cando fora acompañada dunha posterior medida ordinaria en forma de acceso diferenciado que dera solución definitiva ao problema. Doutro**

xeito, como xa temos dito, isto sería pan para hoxe e fame para mañá.

Desde o STEG e a Confederación de STES-i, xa nos puxemos a traballar e a presentar ao MEC unha proposta de acceso transitorio. Proposta baseada nos principios que sempre defendemos e nas aportacións de representantes do propio colectivo. Aportacións recollidas nas múltiples conversas e reunións que levamos mantido nos últimos anos. O noso modelo sindical baséase no asemblearismo, na cercanía ao profesorado, e unha mostra máis é a convocatoria da Plataforma Estatal de profesorado interino e substituto que se fixo desde a Confederación de STES-i o pasado xoves 14 de setembro. Nesta reunión presentamos a nosa proposta de acceso transitorio que tivo unha magnífica acollida entre o colectivo.

A continuación, podeades valorar a nosa proposta de maneira comparada coa do MEC e os sindicatos do Acordo do 20 de outubro.

PROPOSTA ACCESO TRANSITORIO MEC	PROPOSTA STEG
<p>Temarios: De momento -para 2007-: os actuais.</p> <p>Fase de oposición: eliminatoria para pasar á fase de concurso, cunha cualificación mínima de 5 puntos. A fase de oposición constará dunha proba estruturada en 2 partes, que non terán carácter eliminatorio entre elas:</p> <ol style="list-style-type: none">Primeira parte: desenvolvemento por escrito dun tema elixido polo/a aspirante, de entre dous extraídos ao azar polo tribunal, dos correspondentes ao temario da especialidade= 10 puntos, de 40% a 60% en valoración final.Segunda parte: presentación dunha programación didáctica sobre un curso ou nivel académico e elaboración -preparación: 1 hora- e exposición oral dunha unidade didáctica, de entre 3 elixidas ao azar da programación. En especialidades que inclúan habilidades instrumentais ou técnicas, esta segunda parte poderá incluír unha proba práctica. En caso deste exercicio práctico: (programación unidade = 10 puntos: 40% a 60% en valoración parcial) (práctico = 10 puntos: 40% a 60 % en valoración parcial) = 10 puntos totais (media): de 40% a 60% en valoración final.<ul style="list-style-type: none">- Todos os exercicios escritos realizaranse nunha sesión conxunta coa presenza da totalidade dos candidatos/as e a duración non poderá exceder de 2 horas. Os/as candidatos/as presentarán e expoñerán oralmente ante o tribunal os exercicios correspondentes cun tempo máximo de 1 hora e 30 minutos.- Para poder acceder á fase de concurso, será necesario obter unha cualificación mínima na fase de oposición de 5 puntos. <p>Fase de concurso: Experiencia previa.....: Máximo 7 puntos Formación académica.: Máximo 4 puntos Outros méritos.....: Máximo 2 puntos</p> <p>Sistema de cualificación. A ponderación das puntuacións das fases de oposición e concurso para formar a puntuación global será de dous tercios para a fase de oposición e dun tercio para a fase de concurso.</p> <p>Fase de prácticas: A realizar ao curso seguinte á superación do concurso-oposición.</p>	<p>Fase de oposición: A fase de oposición constará dunha única proba:</p> <p>Presentación dunha programación didáctica sobre un curso ou nivel académico e defensa dunha unidade didáctica, de entre 3 elixidas ao azar da programación presentada.....Valoración: 10 puntos</p> <p>Fase de concurso: Valoración experiencia previa.....: Máximo 9 puntos. Valoración formación académica e outros méritos : Máximo 1 punto. Total valoración concurso..... : 10 puntos</p> <p>Sistema de cualificación: A ponderación das puntuacións das fases de oposición e de concurso para formar a puntuación global será do 50 % para cada fase.</p> <p>Fase de prácticas: Convalidarase esta fase ao profesorado interno cun curso traballado.</p>

ELECCIÓN SINDICAIS 2006: UN NOVO IMPULSO PARA O STEG

Catro anos por diante para consolidar un modelo sindical diferente

O vindeiro 30 de novembro van ter lugar as eleccións sindicais a xuntas de persoal docente. O STEG, despois de 4 anos de duro traballo, aspira a gañar apoios entre o profesorado galego. Tamén o STEG fará ante estas eleccións sindicais un esforzo por propiciar o traballo unitario, por partillar unha reivindicación ou unha loita a favor do colectivo docente. É por isto que este sindicato fará unha campaña limpa, dirixida a explicar as súas propias alternativas, a criticar o que faga falta, pero sen descalificacións globais do traballo de ninguén. A pluralidade ideolóxica do profesorado exprésase, afortunada e libremente, no apoio que dá ás diferentes organizacións sindicais. Velaquí un feito que

sempre merecerá, mentres sexa froito do xogo limpo e democrático, o respecto do STEG.

Hai que constatar que o sindicalismo docente é xa bastante maduro, sabe xerar as súas propias propostas, non cae na profusión de siglas que defenden unicamente intereses específicos de determinados sectores do profesorado, participa en máis dun 75% e tamén, cando ningunha das opcións o satisfai, vota en branco (ata un 10'6% nalgunhas provincias en 2002), voto este que debemos asumir como crítico todas as organizacións sindicais admitindo que, por veces, non estamos á altura das circunstancias.

O sindicalismo autónomo e asembleario representado pola Confederación de STES-Intersindical, da que o STEG forma parte, é o único modelo sindical que incrementa o seu número de votos e de representantes ano tras ano. As organizacións integrantes desta Confederación son a primeira forza sindical en Baleares, Cataluña, País Valenciano, Canarias, Castela e León, Cantabria, Rioxa e Melilla.

Así pois, **apostar polo STEG é apostar por un sindicalismo diferente, comprometido co ensino público.**

